

Plantilla memoria resumo modificacións de **Grao en Administración e Dirección de Empresas (Campus Ourense)** para presentar coa declaración de interese

Universidade de Vigo

Número total de páxinas (aproximado): 10-12 páxinas

RESUMO DAS MODIFICACIÓNS A REALIZAR NO TÍTULO

1 Descrición Xeral (breve resumo de tódolos cambios).

En seguimento aos acordos adoptados por unanimidade na Xunta da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense, do 9 de febreiro de 2022, respecto á declaración de interese da mención dual, a memoria económica e a composición da comisión redactora da memoria, preséntase documento resumo das modificación do Plan de Estudos de ADE (Campus Ourense), para a incorporación da mención dual.

Consideramos que a devandita mención no campus de Ourense cumpre os 8 requisitos xerais nomeados no artigo 4 do Decreto 222/2011, de 2 de decembro. Así a mención dual responde ás necesidades da demanda real do mercado laboral, da sociedade e dos estudantes, mellorando os perfís profesionais, presenta un carácter esencial e estratéxico no sistema universitario de Galicia, fomenta o espírito emprendedor e o autoemprego, acredita a súa viabilidade económica ao non precisar financiamento alleo. A mención dual está vencellada aos plans estratéxicos e o SGIC do centro, é oportuno e pertinente complementando a oferta dual na FP, ten un carácter único e diferencial no SUG, sen afectar ao equilibrio dos campus (a formación dual na Universidade é unha inercia competencial que se espallará en pouco tempo en todos os graos e másteres).

As modificacións máis relevantes nas que está a traballar a Comisión Redactora son:

Distribución do Plan de Estudos en créditos ECTS (Sen Mención, idéntico ao actual):

Tipo de materia/asignatura	Créditos a cursar	Créditos ofertados
Formación básica	60	60
Obrigatorias	132	132
Optativas	36	72
Traballo fin de Grao	12	12
Total	240	276

Distribución do Plan de Estudos en créditos ECTS (Mención Dual):

Tipo de materia/asignatura	Créditos a cursar	Créditos ofertados
Formación básica	60	60
Obrigatorias	132	132
Optativas (Formación na Empresa I e II)	12+24	36
Traballo fin de Grao na Empresa	12	12
Total	240	240

a) Na variante Sen Mención, a estrutura, materias e créditos do Grao en ADE non sofren modificación algunha.

b) Na Mención dual, o 4º Curso en ADE desenvólvese integramente entre a Empresa e a Universidade (mesmo fóra de Ourense), con 2 materias de Formación na Empresa, vencelladas ao contrato laboral remunerado, e o TFG na Empresa, cotutorizado entre un profesor da FCETOU e un titor na empresa (os 3 primeiros cursos da titulación son exactamente iguais nos dous itinerarios):

- Formación na Empresa I (4º Curso, 1º Cuad., Opt, 12 ECTS)
- Formación na Empresa II (4º Curso, 2º Cuad. Obr, 24 ECTS)
- TFG na Empresa (4º Curso, 2º Cuad, Obr, 12 ECTS)

Táboa de Diferenzas e Equivalencias sen mención dual ou con ela (só existentes en 4º Curso)

Sen Mención (4º ADE)	Mención Dual (4º ADE)
2 Materias Optativas, 12 ECTS	Formación na Empresa I (Opt.), 1º Cuad. 12 ECTS
4 Materias Optativas, 24 ECTS	Formación na Empresa II (Opt.), 2º Cuad. 24 ECTS
TFG FCETOU 12 ECTS	TFG DUAL 12 ECTS
Total: 48 ECTS	Total: 48 ECTS

No caso excepcional, de que algún alumn@ solicite abandonar a mención dual do título, de acordo coa normativa establecida, e opte por continuar a variante sen mención no segundo cuadrimestre do 4º Curso, realizará 24 ECTS de materias optativas de entre a oferta total de 36 ECTS, considerando a materia de Formación na Empresa I, como créditos optativos.

2 Xustificación, adecuación da proposta e procedementos.

Como principais obxectivos da mención dual en ADE (Ourense), a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense (en adiante, FCETOU) pretende:

- Complementar a formación académica desde unha perspectiva profesional.
- Mellora-la ocupación do alumnado.
- Colaboración moito máis estreita entre a empresa e a Universidade.
- Servir de ponte entre a Formación Universitaria de Grado e a Experiencia Profesional, así a FCETOU (Universidade) promove e facilita o Primeiro Contrato Laboral de Graduados
- Extensión Académica Regulada de Prácticas Extracurriculares

A mención dual proposta para ADE – Ourense, presenta cinco principios fundamentais:

1. Recoñecemento dun tempo único de formación.

Dous tipos de secuencias complementarias e interactivas, unha no contorno académico (3 primeiros cursos FCETOU, 180 créditos) e outra no eido profesional (4º Curso para 20-25 alumnos); incorporando en empresas coñecementos, destrezas e experiencias prácticas, seguindo as pautas do aprendido nas aulas (dúas materias de 12 e 24 ECTS), 900 horas.

2. Xestión xeral do proceso de formación dual.

Flexibilidade respecto á incorporación do alumnado, con entrevistas previas e un proceso de selección por parte das empresas (ao terminar 3º Curso), así como a determinación das áreas ou departamentos onde se desenvolverá a formación na empresa.

3. Acompañamento mediante titorización recoñecida que non limita a transmisión de coñecementos.

A dobre titorización tanto do contrato laboral (ampliación das prácticas extracurriculares), como do TFG (titores académicos e na empresa da FNE e do TFG). Os titores tamén serán responsables de establecer o sistema de cooperación universidade-empresa para o seguimento e interacción co alumnado.

4. Contrato de traballo

Contrato de traballo específico da formación dual. Asunción de responsabilidades das partes contratantes: horarios, remuneración, actividades a desenvolver...

Actualmente non existe máis que o marco normativo xeral para este contrato; agora ben, xa temos redactados os convenios de cooperación específicos para a mención dual en ADE

A Formación dual hai anos que se ven aplicando con éxito en Formación Profesional –supón un mínimo do 33%, 660 horas de carga académica de ciclos- (acadando un crecente volume de alumnado, mesmo por riba dos graos universitarios, en ocasións como complemento específico a graduados universitarios). En Galicia, a remuneración do contrato laboral está fixada como o 50% do SMI (483€), 400€ na CCAA de Madrid e 600€ en Cataluña.

A proposta de remuneración para o contrato laboral dos convenios UVigo debería moverse entre 750€ e o SMI (965€ para 2022), moitas das empresas contactadas e asinantes do noso proxecto dual así o agardan

5. Recoñecemento formal que regule o conxunto de competencias profesionais.

Proxecto Formativo: 3 anos docencia FCETOU e 4º Curso de Formación Específica en Empresas con Contrato Laboral 1200h. (48 ECTS)

Respecto á adecuación da nosa proposta, grao de execución do proceso e etapa actual, desexamos agradecer a calurosa e ilusionante acollida de Empresas (temos recibido máis de 15 cartas de apoio e agardamos chegar ata 25 coa Memoria da Mención Dual); tamén salientamos a excelente acollida entre o noso potencial Alumnado (Bacharelato), directores e profesorado de Economía de Centros de Secundaria de Ourense, e outras cidades galegas.

- Respecto ás cartas de apoio, que se adxuntarán á Memoria incluímos:
 - Grupo Santander, Ibercaja, STL, Sanofi-Aventis, Aceites Abril, Pérez-Rumbao, Asoc. Empresarios Polígono San Cibrao, Edisa, PriceWaterhouse Coopers, Deloitte, Ernst & Young...

Queremos reflectir tamén que hai tempo que estamos a traballar na Redación do Borrador da Memoria, coa devandita mención dual (que esperamos enviar aos membros da Comisión nos vindeiros días, para a súa revisión e posterior aprobación en Xunta de Facultade, no mes de abril).

Polo que respecta á memoria económica, refire un carácter descritivo de Recursos Humanos: PDI, PAS, recursos materiais dispoñibles, sen necesidade de solicitar novos requerimentos de recursos humanos ou materiais, a mención dual realizarase a Custe Cero para a FCETOU e a Universidade de Vigo (no caso de propostas de axudas ou becas de estudos para a mobilidade ou na formación dual, seremos os primeiros en solicitálas, pero agora asumimos o reto coma propio).

3 Planificación de implantación (cronograma).

A proposta de implantación é a de curso por ano académico:

- 2023-24: Primeiro Curso
- 2024-25: Segundo Curso
- 2025-26: Terceiro Curso (antes de rematar o curso académico terán lugar os procesos de selección das empresas para a incorporación do alumnado seleccionado nas materias de “Formación na Empresa”)
- 2026-27: Cuarto Curso (Sen mención e Mención Dual)

4 Procedemento de adaptación. (Descrición)

A partir da entrada en vigor do novo Plan de Estudos de ADE, coa inclusión da mención dual, procederase a adaptación do alumnado procedente do plan previo ao novo plan no Itinerario Xeral; aquel alumnado que desexe participar na mención dual procedente do plan previo, deberá ter superados tódolos créditos dos 3 primeiros cursos da titulación-

5 Ensinanzas que se extinguen. (Estudo – Centro)

Grao en Administración e Dirección de Empresas (Campus de Ourense) presencial sen mención dual – Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense

6 Responsable do título.

María Montserrat Cruz González (Decana FCETOU)
e-mail: decano.eto@uvigo.es